



PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE ESO AO RENDIMENTO ACADÉMICO 2023 EN GALICIA

A Consellería de Educación publicou a [Orde do 31 de marzo de 2023](#) pola que se convocan os premios extraordinarios de Educación Secundaria Obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2022 - 2023.

DOTACIÓN: Concederanse un máximo de 20 premios de 1000 euros como máximo cada un. Ademais o alumnado poderá optar ós premios nacionais de ESO.

Os **REQUISITOS** para optar a estes premios son:

- Ter cursado 4º de ESO no curso 2022/2023 no Réxime Ordinario en Galicia.
- Estar proposto polo equipo docente para a expedición do título de ESO.
- Obter unha **media igual ou superior a 9'00** puntos (media de todas as materias dos catro cursos de ESO).

A nota media calcularase de acordo co establecido na disposición adicional quinta do Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29 de xuño), onde di:

"A nota media de cada etapa será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias, redondeada á centésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior."

O **PRAZO** de presentación de solicitudes será do **31 de maio ó 30 de xuño de 2023**.

A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

As solicitudes (anexo I) deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, (<https://sede.xunta.gal>), ou directamente desde a propia aplicación [«PremiosEdu»](#).

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

O alumnado con Necesidades Educativas Especiais poderá solicitar adaptación da proba achegando a documentación que acredite tal condición.

PROBAS:

A realización da proba terá lugar o **6 de setembro de 2023**.

No DOG publicaranse os lugares e o horario de celebración da proba, que en xeral será dentro da provincia onde se atope o expediente do alumno/a.

Os aspirantes aos premios extraordinarios ao rendemento académico deberán realizar unha proba estruturada en dúas partes que valorarán os obxectivos e as competencias básicas acadadas polo alumnado, e constará de diversas cuestións coas cales deberá mostrar o grao de consecución das competencias social e cidadá, en comunicación lingüística e matemática. Cada parte da proba desenvolverase **nun tempo máximo de dúas horas**.

a) A **primeira parte** constará de diversas cuestións referidas ás seguintes materias de 4º curso: Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e primeira lingua estranxeira, agás no caso de alumnado con exención en lingua galega e literatura, que quedará exento da realización da correspondente parte da proba, sempre e cando a dita exención se acredite documentalmente.

b) Na **segunda parte** o alumnado dará resposta a diversas cuestións das seguintes materias de 4º curso:

- Xeografía e Historia.
- Unha materia xeral do bloque de materias troncais cursada polo alumnado: Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas ou Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas.
- Unha materia para escoller de entre as materias de opción do bloque de materias troncais cursada polo alumnado: Bioloxía e Xeoloxía, Economía, Física e Química, Latín, Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional, Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial, ou Tecnoloxía.

PROCEDIMENTO DOS CENTROS EDUCATIVOS:

O centro enviará a Certificación académica de ESO (só no caso de que o alumnado non teña todo o seu expediente de ESO recollido na base de datos da aplicación XADE), onde se reflectan as notas dos catro cursos e a cualificación final media, asinada polo/a secretario/a co visto e prace do/da director/a do centro público en que se atope o expediente académico.

INFORMACIÓN ÓS INTERESADOS/AS:

- A relación de alumnado admitido e excluído e as puntuacións obtidas polas persoas candidatas publicaranse no portal educativo <https://www.edu.xunta.gal> e na páxina de inicio da aplicación informática <https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>
- Para dúbidas relacionadas coa convocatoria poderán facer as súas consultas no enderezo electrónico: **premios@edu.xunta.es**

ENLACES:

- [Enlace coa web da Consellería co anuncio e información.](#)
- [Enlace coa aplicación electrónica para realizar a solicitude Premios Edu.](#) (Estará activa cando comece o prazo de inscrición).
- [Enlace coa orde do 31 de marzo que contén a información completa.](#)

PROBAS DE CURSOS ANTERIORES: [Enlace ás probas.](#)